



LA CUMBRE. ALCARACEJOS (CÓRDOBA)



En Vaca.tv

Afrontar contratempos

Cando estivemos na explotación de Rafael Caballeros en outubro do ano pasado, atopámonos cunha granxa de 280 cabezas que funcionaba a pleno rendemento. Cinco meses despois, La Cumbre está en horas baixas: tras a sucesión dunha serie de problemas, Rafael decidiu vender todas as vacas de leite e na actualidade só traballa coa recria que xa tiña. Á espera de que a situación se normalice o máis axiña posible, deixámosvos coa reportaxe que preparamos durante a nosa visita.

Localización: Alcaracejos (Córdoba)
Propietario: Rafael Caballeros
Empregados: 1
N.º total de animais: 280
Vacas en produción: 120
Media de produción: 35 litros vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,60 %
Porcentaxe de proteína: 3,40 %
RCS: 160.000 cel./ml
Superficie agrícola: 100 ha
Prezo do leite: 0,32 €/l (prezo base)

La Cumbre é unha gandería fundada polo pai de Rafael hai máis de cincuenta anos e que se atopa ás aforas de Alcaracejos (Córdoba), en Valle de los Pedroches. Como a meirande parte das explotacións da zona, pertence á cooperativa Covap.

Nos seus comezos, estaba asentada no centro do municipio pero, co tempo, mudáronse a unha zona máis afastada do núcleo urbano: “Cando

nos trasladamos a onde estamos agora, tivemos a sorte de que é un sitio no que hai moita auga”. Tal e como nos explica Rafael, un dos grandes problemas que teñen no sur son as secas. “Aquí estase mercando a auga para as fincas, que penso que cando isto se lea no norte lles vai chamar a atención; aquí hai xente que está gastando ata 4.000 euros mensuais en auga”, remarcounos o dono.

► “AQUÍ HAI XENTE QUE ESTÁ GASTANDO ATA 4.000 EUROS MENSUAIS EN AUGA”

Pese ás altas temperaturas, obtiñan unha media de 35 litros por vaca e por día das 120 cabezas que tiñan en muxidura. Tiñan unha porcentaxe de graxa do 3,60 % e de proteína do 3,40 %, e aseguraban “cumprir sen problema” o nivel de bacterioloxía que marca a Covap, cuxo máximo está nas 10.000 ufc/ml.

Percibían polo leite producido, o cal se destinaba a Mercadona, arredor de 32 céntimos, sen contar coas calidades e as primas. Como é habitual en todas as explotacións desta comarca, era recollido pola Covap, cooperativa que, ademais, lles ofrece asesoramento en temas como o muxido ou a alimentación: “Todo o que precisas, dancho. Teñen, por exemplo, matadoiro propio e todas as nosas vacas se matan na cooperativa”, contaba. ►►



Nesta zona teñen moitos problemas coas secas

Quadra & Penditwist

NUESTRA RESPUESTA A LOS PROFESIONALES MÁS EXIGENTES



Distribuidor visibles aquí : www.joskin.com/dealers



Una amplia gama
de rampas y de inyectores



JOSKIN
joskin.com



Optan pola cama quente



Facían unha vez ao día o carro para as vacas de lactación

O PLAN DE ALIMENTACIÓN

O prezo da ración de produción era de 5,50 euros. Unha vez ao día, facían o carro para as vacas de leite e, cada dous días, un para as secas e outro para as xovencas. A ración das vacas en lactación estaba composta de “4 quilos de herba seca, 3,80 quilos de alfalfa, 3,90 quilos de soia, 3,5 quilos de glute de millo, 1,80 quilos de algodón e unha mestura que trae a Covap cun 70 % de millo e un 30 % de cebada, da que comen 8,5 quilos”, enumeraba Rafael.

“Facemos un carro para xovencas e outro para vacas secas que practicamente son iguais e que leva 6 quilos de palla, 4 quilos de herba seca, 1,5 quilos de soia, 1 quilo de glute e 3 quilos de millo”. A maiores, ás de parto engadíannles unha pequena parte da

ración das vacas en lactación, “para que o animal se vaia afacendo á ración das de leite”, explicábanos.

No que respecta ás xatas pequenas, a súa alimentación complementábase con penso de iniciación.

Levaban traballando con sala de muxido dende que se trasladaran á nova explotación. O pasado ano cambiaran a unha sala de 20 puntos, xa que a anterior se lles empezaba a quedar pequena, e estaban facendo dous muxidos diarios. O departamento de muxido da Covap dirixíalles o traballo: “Cada certo tempo pasa por aquí persoal da Covap, que se encarga de levar todo isto. Vén, revisa o protocolo de muxido e indícanos se hai algo que rectificar”, contounos o propietario.

► “DENDE HAI MOITOS ANOS ESTAMOS APOSTANDO POLOS QUE NÓS CONSIDERAMOS QUE SON OS MELLORES TOUROS DO MERCADO”

ESPAZOS ABERTOS PARA COMBATER A CALOR

Tiñan dous currais de produción: un para as vacas primíparas e as que estaban con algún problema, e outro para o resto dos animais en muxidura. Había un curral onde estaban as vacas secas e, noutro, o parto. No que respecta aos animais máis novos, sepáraos en diferentes patios por grupos de idade, ata que ingresan no lote de parto.

Nesta granxa optouse pola cama quente e traballábase con rotovátor: “Pasámolo mínimo unha vez ao día e, se hai tempo, dúas. Ademais, cada semana engádeselles esterco seco e desinfectamos con carbonato cálcico”.

Dispoñen duns 7.500 metros cadrados construídos, un espazo que os limita á hora de crecer: “Queremos medrar, pero agora mesmo non o podemos facer polos metros cadrados que temos nas naves porque, se metes moitos animais xuntos en cama quente, non che funciona”, explicaba Rafael.

No inverno péchanse os patios, pero no verán ábreanse para que os animais saian ao exterior: “Cando o terreo está seco saen á terra, xa que considero que é fundamental para as patas”.

Contan con 100 hectáreas de terreo que dedican á agricultura e no que se mentan fundamentalmente herba seca e palla: “Aquí regadiño agora mesmo non hai”, remarcou Rafael. Realizan eles mesmos todos os traballos e teñen en propiedade tres tractores, dúas picadoras de millo, un carro mesturador e todos os apeiros necesarios para as tarefas agrarias: “Non temos ningunha maquinaria en cooperativa, aquí iso non se estila”, aclarou.

Teñen tamén unha fosa de xurro con capacidade para tres millóns de litros e almacéns para gardar a forraxe e a maquinaria. Ademais, pensando no benestar do rabaño e debido ás altas temperaturas da zona –o pasado verán foi especialmente complicado en Los Pedroches, onde chegaron a superar 40 °C–, no momento da nosa entrevista estaban pensando en instalar ventiladores para combater o estrés calórico que sofren os animais. ►►

MAMICEL

**Refuerzo de las
defensas naturales para una
UBRE SANA**

- Con bajo Recuento Celular (RCS)
- Sin MASTITIS



- ✓ **SIN RETIRADA DE LECHE**
- ✓ **SIN ANTIBIÓTICOS**
- ✓ **SIN RECETA VETERINARIA**

MAMICEL* Alternativa natural con extractos de plantas que contribuye a **reducir el uso de antibióticos**, a **mejorar el secado selectivo de la vaca** y a mantener una **ubre sana**.

* Modo de empleo: Uso oral individual

As xatas estaban en boxes ata os 2 meses



O benestar do rabaño é fundamental para Rafael



As xovencas estaban separadas por grupos de idade

SERVET, UN EQUIPO DE CONFIANZA

SerVet é o equipo veterinario ao que lle encargan a xestión de todo o relacionado coa reprodución. Nesta explotación, a idade da primeira inseminación está preto dos 13 meses: “A algunhas xa as inseminamos con 13 meses e medio, sempre con sexado. Dámoslles dúas oportunidades e, se non queda, ímonos ao seme convencional”, dicía Rafael.

A media de número de partos era de 2,9 e o intervalo entre cada un, de 190 días. A media de inseminacións por preñez era de 1,8 nos animais de primeiro parto e de 2,5 no resto.

Hai un tempo traballaban co implante de embrións, que extraían de vacas que tiñan dentro da propia explotación pero, tal e como nos confesaba o propio gandeiro, é algo que na actualidade teñen “algo deixado”.

Respecto á xenética, Rafael falou claro: “Considero que é o futuro. Penso que é un dos puntos fortes, polo que dende hai moitos anos estamos apostando polos que nós consideramos que son os mellores touros do mercado”. Asesoráanse mediante veterinarios para levar a cabo a mellora xenética, se ben sempre é Rafael o que escolle os touros. Están empregando unha

► RAFAEL TRATA DE SER POSITIVO E AGARDA QUE [...] AO LONGO DESTE ANO POIDAN VOLVER Á PRODUCCIÓN DE LEITE



Teñen 3 tractores, 2 picadoras e un carro mesturador



Muxía nunha sala de 20 puntos

media de cinco sementais ao ano e, xeralmente, prefiren liñas xenéticas americanas ou canadenses. Préstalles especial atención ao tipo, ademais de aos ubres, á lonxevidade e ás patas, índice que intentaban mellorar.

Estaban descartando da orde do 30 % dos animais, os cales se destinaban sempre ao cruzamento industrial: “Aquí empregamos moito seme sexado, temos moitas xatas, entón as vacas que non nos gustan descartámolas como nais”.

A DÍA DE HOXE

Analizando a situación dos últimos meses, o dono reconece que La Cumbre está nun momento complicado, mais Rafael trata de ser positivo, agarda que a cousa se normalice axiña e que ao longo deste ano poidan volver á produción de leite. Entrementres, dende aquí recordámoslles que, aínda que o camiño se lles faga agora duro e empinado, estamos seguros de que todo percorrido pagará a pena cando se vexan por fin no cumio. Moito ánimo! ■